



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2016 LICENCIADO/A SANITARIO

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatório de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. A parte superior interna da boca chámase ...

- A) Padal
- B) Paladar
- C) Padar
- D) Paldar

2. Parte exterior da articulación do brazo co antebrazo:

- A) Codeira
- B) Codo
- C) Cóbado
- D) Codeiro

3. Elix a definición de "gando":

- A) Donaire, elegancia
- B) Conxunto de animais
- C) Berro, chí, ladrido
- D) Solteiro de moita idade

4. Tremor brusco e sensación de frío que pode acompañar á febre nunha enfermidade:

- A) Arrefrío
- B) Escalafrío
- C) Escalofrío
- D) Calafrío

5. Escolla a tradución CORRECTA da frase "El tribunal podrá acordar la lectura pública de las pruebas":

- A) O tribunal poderá acorda-la letura pública das probas
- B) O tribunal poderá acordar a leitura pública das probas
- C) O tribunal poderá acordar a letura pública das probas
- D) O tribunal poderá acordar a lectura pública das probas

6. Indique cal é a frase CORRECTAMENTE escrita:

- A) Habéndose producido o falecemento, folga avisar ao servizo de emerxencias
- B) Perdeu moita sangue na operación
- C) Segue a frecha e sae do labirinto
- D) A encargada veu a indicación e retificou os datos

7. Indique cal dos seguintes termos NON se refire a un fenómeno meteorolóxico:

- A) Folerpa
- B) Orballo
- C) Trebón
- D) Degoiro

8. En castelán "maxilar, mandíbula ", en galego ...

- A) Quixada
- B) Quexa
- C) Quixa
- D) Queixada

9. En castelán "camilla", en galego ...

- A) Padola
- B) Padal
- C) Camiña
- D) Padiola

10. Sinale cal serie completa de palabras é a CORRECTA:

- A) Tos. Donazón. Martillo. Soro
- B) Tose. Doazón. Martelo. Soro
- C) Tose. Doación. Martillo. Soro
- D) Tos. Doazón. Martelo. Suero

Preguntas de reserva

1. Indique cal é a opción CORRECTA:

- A) Vendima
- B) Vengar
- C) Oxo
- D) Calqueira

2. Indique cal das seguintes formas verbais é a INCORRECTA:

- A) Posuír
- B) Requerir
- C) Concorrer
- D) Requirir